Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

# FAQ

**- Quen pode colexiarse no COBGA?**

Os/as licenciados/as ou graduados/as en bioloxía, así como os/as titulados/as universitarios/as en Ciencias Naturais, Ciencias (Sección Biolóxicas), Ciencias Biolóxicas.

**- Non teño certificado electrónico, podo colexiarme?**

Si, pero terás que completar a túa solicitude enviando por correo postal copia do teu DNI compulsada por un notario (única e exclusivamente).

**- O meu título aínda non está no Rexistro Nacional de Títulos, podo colexiarme?**

Si, pero terás que completar a túa solicitude enviando por correo postal copia do teu título ou certificado substitutorio compulsado por un notario (única e exclusivamente).

**- Fai menos dun ano que me graduei, cal é a miña cota de inscrición?**

15 euros.

**- Nestes momentos estou desempregado, hai unha cota reducida neste caso?**

Si, 30 euros o semestre, demostrando esta condición co documento correspondente emitido pola Oficina de Emprego.

**- Non son o titular da conta corrente de domiciliación, quen ten que asinar o documento de autorización?**

O títular en todo caso.